



Concello de  
**OURENSE**

**Incorporación de Remanentes- 10-R/19**  
**Expte. Cividas: 2019032107**  
**(mod 61/2019)**

#### **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

**Visto o informe-proposta emitido polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria** en data 22.08.2019, en relación ao expediente 10-R/2019 (ref:192/2019), **refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda en funcións**, en data 23.08.2019, remitido para informe preceptivo da Intervención Municipal en data 23.08.2019, de acordo co previsto no artigo 29 es ss. do Real Decreto 424/2017, de 29 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno nas Entidades do Sector Público Local.

**Visto o informe da Intervención Municipal** (ref: 10R-19) de data 01.10.2019, no que se conclúe:

“O expediente de incorporación de remanentes núm. 8 en tramitación, axústase á lexislación aplicable na materia dende o punto de vista da normativa de xestión orzamentaria, nomeadamente o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Malia ó anterior, dende a perspectiva do cumprimento das regras fiscais, a modificación orzamentaria proposta incide nos desequilibrios orzamentarios advertidos con ocasión da liquidación do exercicio do 2018, sen que de xeito correlativo aprobase un Plan Económico Financeiro que garantice o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e regra de gasto no exercicio do 2019.”

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 17º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 10-R/19, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2018 nun importe total de dez mil douscentos sesenta e nove euros (10.269,00 €), financiados con ingresos afectados de acordo co seguinte detalle:**



**A) Remanente que se incorpora**

ORG	PROG	ECON	NOM PARTIDA	RMTE A INCORPORAR	FINANCIA MENTO	MOTIVO INCORP LRFL	PROXECTO DE GASTO
150	2313	22642	Programa de comedores escolares. Emerxencia social	10.269,00 €	87010	182.3	18-2-15-02
				<b>10.269,00 €</b>			

**B) Recursos que financian a incorporación****Resumen fontes financiamento**

Concepto de ingresos	Importe
Exceso de financiamento afectado (87010)	10.269,00 €
<b>Total recursos financeiros dispoñibles</b>	<b>10.269,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

**3.- Dar traslado a todos os Servizos con partidas orzamentarias afectadas pola presente modificación orzamentaria.**

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

